



Resolución do 3 de marzo de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se modifica a Resolución do 17 de setembro de 2020, pola que se aproban as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais sociosanitarios en relación co réxime de visitas, saídas e outros aspectos organizativos, e as medidas específicas para os centros de atención diúrna, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19).

Segundo o establecido no punto sexto, na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 no que se adoptan medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas. Igualmente poden adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Neste contexto ditouse a Resolución do 17 de setembro de 2020, pola que se aproban as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais sociosanitarios en relación co réxime de visitas, saídas e outros aspectos organizativos, e as medidas específicas para os centros de atención diúrna, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19). Nesta resolución, entre outros aspectos, adóptanse unha serie de medidas nos centros de día para persoas maiores e con discapacidade e nos centros ocupacionais, en función dos niveis de risco baixo, medio e alto.

Ante a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma, no mes de xaneiro elevouse o nivel de risco en todos os concellos a nivel alto, polo que houbo que adoptar as medidas existentes á indicada situación.

A mellora da evolución epidemiolóxica permite flexibilizar as restricións impostas, adaptando os niveis de risco dos concellos da Comunidade Autónoma ás actuais circunstancias.

Asemade e para unha maior claridade das medidas, unificase a denominación dos distintos niveis de risco á establecida pola Consellería de Sanidade.

Polo tanto, e tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica no territorio da nosa Comunidade Autónoma, e co obxecto de contribuír adaptar as medidas de protección nos centros de día para persoas maiores e con discapacidade e nos centros ocupacionais,

ACORDAN:

Primeiro. Modificar a denominación dos niveis de risco do cadro de medidas nos centros de atención diúrna para persoas maiores e con discapacidade e nos centros ocupacionais, segundo figura a continuación:

Medida	Nivel de risco		
	Medio	Alto	Extremo
Centros para persoas maiores	Recoméndase non realizar actividades grupais, agás os grupos estables de convivencia de 10 persoas	Non se realizarán actividades, grupais, agás os grupos estables de convivencia de 10 persoas	Non se realizarán actividades, grupais, agás os grupos estables de convivencia de 5 persoas
Centros para persoas con discapacidade	-	Recoméndase non realizar actividades grupais, agás os grupos estables de convivencia de 10 persoas	Evitar a asistencia de persoas maiores de 65 anos
Centros ocupacionais	-	Recoméndase non realizar actividades grupais, agás os grupos estables de convivencia de 10 persoas	Evitar a asistencia de persoas maiores de 75 anos

Segundo. Actualizar os niveis de risco dos concellos en función do establecido para as restricións xerais pola Consellería de Sanidade segundo as decisións adoptadas polo Comité Clínico da Xunta de Galicia, modificando o mapa de risco dispoñible na ligazón <https://politicassocial.xunta.gal/gl/niveis-de-risco-por-concello-de-referencia-para-centros-residencias-socio-sanitarios-e-centros-de>.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021

O conselleiro de Sanidade



Julio García Comesaña



A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez

